



MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA REALIZAR AS PROBAS 2021

MEDIDAS INDIVIDUAIS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- O alumnado deberá acudir ao centro provisto dun documento de identificación persoal. Non poderán entrar no centro persoas alleas á proba.
- Todo o alumnado debe levar máscaras que cubran desde o nariz até o queixo en todo momento. Tamén se recomenda levar xel desinfectante para uso persoal.
- Respetarase en todo momento a distancia de seguridade, incluso na entrada e corredores.
- Durante a proba, cada alumno debe usar o seu propio material e non se permitirá compartilo con outros participantes.
- Dada a longa duración das probas, é recomendábel que o alumnado traia de casa auga e, se for necesario, algún alimento para consumir nas pausas.
- O alumnado debe reforzar as medidas de hixiene persoal, especialmente no referido ás mans. Se necesitar empregar panos, deben ser desbotábeis e depositarse nas papeleiras tras o seu uso.
- Non poderá haber manifestacións de cortesía ou afecto que impliquen contacto físico.
- As persoas con síntomas compatíbeis coa COVID-19, as persoas que foron diagnosticadas coa enfermidade e que están illadas ou en corentena por un contacto estreito con alguén con síntomas ou diagnosticada non poden entrar á escola. Tamén non poderán presentarse ás probas as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica
- Impedirase a entrada ao centro ou expulsarase calquera persoa que contraveña algunha das medidas adoptadas.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- A entrada ao local da escola farase de forma gradual para evitar o contacto físico, o cal pode facer aumentar a duración total da proba até unha hora.
- O alumnado será convocado en diferentes momentos para permitir a entrada paulatina. As persoas que chegaren tarde non poderán acceder ao edificio até que todo o alumnado estea dentro, sempre e cando a proba non teña comezado.
- Comprobarase a identidade de cada persoa para autorizar o seu acceso ao recinto escolar, e deberán dirixirse á aula asignada. A distancia de seguridade entre as persoas debe manterse en todo momento (haberá marcas no chan).

- O centro proporcionará dispensadores preparados a base de alcol para que se poida realizar a hixiene das mans, que será obrigatorio para o ingreso na escola.
- Xa dentro do edificio, débese seguir en todo momento a sinalización marcada no chan, subir as escaleiras e evitar tocar a varanda. A circulación polos corredores será bidireccional e sempre pola dereita no sentido da marcha. O uso do ascensor estará limitado ás persoas con mobilidade reducida
- Todas as salas da escola estarán ventiladas e as portas ficarán abertas sempre que for posíbel.
- Durante as pausas non é posíbel saír da clase excepto para ir ao baño, pero o alumnado poderá erguerse, beber auga ou comer, sempre sen se mover do seu lugar e mantendo a distancia de seguridade.
- Baños: Empregaranse durante as pausas e o seu uso tamén será graduado. Só unha persoa pode acceder a cada un dos baños ao mesmo tempo e é obrigatorio lavar as mans despois do seu uso.
- Zonas comúns: As zonas comúns ou áreas de tránsito utilizaranse o menos posíbel para pasar dun espazo a outro, e estará prohibido o seu uso para outro tipo de actividades (conversas, comida, etc.).
- Finalmente, cando a proba acabar, as salas e a escola tamén serán abandonadas por etapas, segundo as instrucións do persoal do centro e mantendo sempre a distancia de seguridade.

MEDIDAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS

- O alumnado será citado para acceder ao centro nos horarios indicados nas convocatorias para cada lingua e nivel, que se publicarán na páxina web da escola. Para evitar axuntamentos no exterior do centro e permitir a entrada gradual, non se poderá chegar con anterioridade á hora sinalada.
- Teña en conta que, dependendo do tipo de proba e nivel, a duración das mesmas varía. Consulte a Guía informativa para as persoas candidatas para o saber.
- A duración poderase acrecentar se for necesario e aumentar o tempo das pausas para que todo alumnado que o precisar poida acudir ao baño.
- Haberá dúas pausas entre as tres partes da proba.
- Non se pode saír da aula durante as probas (excepto nas pausas para ir ao baño, seguindo as instrucións do persoal). Se alguén deixar unha proba, non poderá volver entrar.

MEDIDAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS ORAIS

- O alumnado será tamén citado de forma gradual, a través da páxina web da escola.
- Ao chegar á escola, o alumnado cumprirá coas medidas xerais de seguridade e hixiene xa especificadas no apartado correspondente deste documento.
- No momento da entrada na escola, o alumnado citado será conducido a unha sala, onde esperará a ser chamado para a realización da proba.